

EXPEDIENTE: 211/2021/550

**CONVOCATORIA DE ASIGNACIÓN DE USOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA ADESTRAMENTOS DEPORTIVOS E ACTIVIDADE FÍSICA DURANTE A TEMPADA 2021/2022
MESA DISTRIBUCIÓN HORAS**

No Palacio dos Deportes de Riazor na sala de reunións as 10.00 horas do día 26 de outubro do 2021, están presentes na Mesa de Avaliación das solicitudes as seguintes persoas:

Presidente: Fernando Pérez San Vicente, xefe de servizo do Servizo Municipal de Deportes

Vogais: Antonio Pedraz Pollo e Luis Arias Barbeito, técnicos deportivos do Servizo Municipal de Deportes-Directores das instalacións deportivas

Secretaria: Paula Solórzano Prieto, auxiliar do Servizo Municipal de Deportes.

A Mesa reúnese de acordo co previsto no punto 9.3 das bases reguladoras da convocatoria e co fin de realizar unha proposta de resolución provisional coa asignación de horas de uso atendendo aos criterios establecidos nos puntos 7 e 8 para realizar o reparto definitivo das horas de uso das instalacións deportivas municipais, en virtude das solicitudes presentadas e das subsanacións que se realizaron.

Estes usos están destinados á realización de actividade deportiva (adestramento orientado á competición) e actividade física (non federada). Dáselle preferencia para o reparto á actividade deportiva sobre a actividade física e ás entidades con sede social na cidade da Coruña.

Faise manifesto que as entidades que obteñan horas de uso para actividade física deberán pagar as taxas correspondentes reguladas segundo o establecido na actual Ordenanza Fiscal número 15 do Concello da Coruña.

Sínálase que segundo o punto 5 das bases da convocatoria os usos distribuiranse sobre os horarios que estean dispoñibles unha vez feitas as correspondentes reservas en función das necesidades do propio Servizo Municipal de Deportes para o desenvolvemento das actividades organizadas directamente (Escolas Deportivas Municipais, cursos, etc.) ou para outros programas municipais de apoio a entidades sociais. Así como as horas que sexan necesarias en aplicación dos acordos cos centros educativos que utilizan as instalacións municipais para desenvolver as actividades físicas do alumnado que está cursando a ensinanza obrigatoria e, no seu caso, coas necesidades de utilización pola UDC ou do IES Puga Ramón.

O Servizo Municipal de Deportes garante que quedarán sen distribuír na presente convocatoria como mínimo dúas horas semanais en cada instalación tipo, co fin de que por orde de chegada poida ser usada por calquera entidade, sempre en cando o solicitante reúna todas as condicións e teña formalizada a correspondente reserva ou aluguer no seu caso.

Segundo o punto 10 das bases a administración municipal quedará facultada para a modificación ou suspensión puntual dos usos finalmente adxudicados en función das necesidades da Concellaría de Deportes ou, no seu caso, da Universidade da Coruña e da Deputación da Coruña, sen que a entidade afectada teña dereito a ningunha compensación.

A distribución dos usos para adestramento non faculta á entidade para poder realizar unha competición deportiva dentro dos días e horarios asignados. No caso de que se teña que realizar unha competición deportiva deberá solicitalo con antelación suficiente ante o Servizo Municipal de Deportes presentando unha solicitude por rexistro.

Os usos concedidos estenderanse ata o 30 de xuño de 2022 e para os campos de fútbol municipais será ata o 31 de maio de 2022. Exclúense as seguintes datas: do 24 de decembro ao 6 de xaneiro, ambos incluídos, Semana Santa, e os meses de xullo e agosto; con excepción dos calendarios oficiais de competición. Os interesados que precisasen usos nestes períodos excluídos deberán solicitar tales usos, de xeito expreso e xustificado, por rexistro de entrada e coa debida antelación

Procédese ao reparto de horas tendo en conta as solicitudes formuladas polas entidades solicitantes, as bases da convocatoria cos seu Anexo, e no caso de dúbida, a puntuación obtida de acordo co baremo da convocatoria.

O resultado da proposta acompañará á resolución provisional como Anexo.

Como norma xeral, inténtase outorgarlle horas de uso a todas as entidades solicitantes.

Querendo a Mesa que conste en acta:

1. No caso das solicitudes de pista de atletismo cuberta de Riazor, non se atende a petición dos clubs de triatlón por non permitir esta modalidade deportiva no Anexo da Convocatoria polas súas características e peralte que non se adapta a este tipo de probas de carreiras de longa distancia.
2. O reparto da pista para entidades privadas só está previsto para clubs de atletismo e para centros de formación de bombeiros, policía que teñen probas específicas dentro das súas oposicións neste tipo de pistas.
3. En canto ao reparto de horas das pistas de tenis, o club aporta moi poucas licencias e solicitan unha frecuencia horaria excesiva. O Concello decide reservar para o uso da cidadanía mediante aluguer un maior número de horas.
4. As solicitudes presentadas fora de prazo neste período non se tiveron en conta para resolver esta convocatoria, non obstante, poderán ser tidas en conta no caso que queden horas dispoñibles ao longo do ano.
5. Non se pode atender a solicitude do club Galicia Gaiteira ao coincidir nos horarios solicitados con actividades destinadas a clubs de categoría nacional.



6. Club Natación Santa Cristina Swim, non se pode atender ao non ter dispoñibilidade na Piscina de Riazor nos horarios solicitados.
7. Club Triatlón Oleiros, non se pode atender ao non ter dispoñibilidade na Piscina de Riazor nos horarios solicitados.
8. Centro Liceo la Paz, solicitado como actividade física e non se pode atender ao non ter dispoñibilidade no Rocódromo de Riazor nos horarios solicitados.
9. Asociación F.S. Club Os Maiores, solicitado como actividade física e non se pode atender ao solicitar horario no Polideportivo Municipal Barrio das Flores destinado a actividade deportiva de adestramentos para competición.
10. ACM Area Metropolitana, solicitado como actividade física e non se pode atender ao solicitar horarios destinados á actividade deportiva de adestramentos para competición.
11. Graiño Competition Team desistiu da súa solicitude.
12. O Club de fútbol Deportivo Eirís, S.D. non se pode atender ao solicitar adestramento nunha pista polideportiva e non ter licencias federativas de fútbol sala.
13. O Club Deportivo Calasanz, non se pode atender ao solicitar adestramento nunha pista polideportiva e non ter licencias federativas de fútbol sala

Sendo a unha e trinta minutos, levántase a reunión estendendo a presente acta para a súa constancia.

Vº e prace

O Presidente da Mesa

Fdo. Fernando Pérez San Vicente

A Secretaria da Mesa

Fdo. Paula Solórzano Prieto

Vogais

Antonio Pedraz Pollo

Luis Arias Barbeito